

## Regulamento de Organización Interna

### Capítulo I. Denominación, ámbito e fins.

#### ARTIGO 1. DENOMINACIÓN E ÁMBITO

Iniciativa Cidadá de Mugardos, cuxas siglas son ICM, é unha organización política de ámbito de actuación local constituído para contribuír á política municipal do Concello de Mugardos e á formación dunha vontade política participativa da cidadanía na toma de decisións de carácter político que non lle son alleas.

#### ARTIGO 2. SÍMBOLO

O emblema da Iniciativa Cidadá de Mugardos é a silueta do termo municipal de Mugardos e o nome en branco sobre un fondo verde.

#### ARTIGO 3. OBXECTIVOS

Son obxectivos políticos da Iniciativa Cidadá de Mugardos os recollidos no seu Manifesto fundacional:

1. Recuperar un clima de convivencia política e veciñal. O enfrontamento partidario sistemático xera estigmas e desinterese nas persoas sobre a implicación na vida política e desacredita ás representantes públicas. É imprescindible inverter esta situación tendendo pontes en lugar de cavar trincheiras.
2. Asentar a transmisión do coñecemento das persoas que ocupen cargos públicos e a limitación temporal destes cargos para garantir a incorporación e renovación continua, en especial das xeracións máis novas. É importante unha formación continua e interna no Concello, pero tamén é importante que os cargos contén con capacidades e aptitudes para o desempeño das súas funcións.
3. Pór o Concello ao servizo dos intereses e necesidades das veciñas, que os servizos públicos sexan xestionados dunha forma eficaz, e proporcionar ferramentas funcionais de xestión administrativa que permitan a axilización de procedementos e se garanta o mesmo trato a toda a cidadanía.
4. Acabar co enchufismo, amiguismo e o clientelismo

no ámbito público. O Concello non pode ser lugar para pedir favores, senón para reclamar os nosos dereitos.

5. Fomentar o emprego de recursos humanos e técnicos máis sostibles ambiental e economicamente, como a tecnoloxía e software libre de restricións legais e económicas, así como publicar con licencias que permitan o uso e realización de traballos derivados sobre os datos elaborados con diñeiro público, de forma que sexan accesibles e poidan ser empregados por tódalas cidadás.

6. Fomentar o asociacionismo tanto político como veciñal, cultural ou deportivo no noso municipio, fomentando a participación cidadá nestes eidos.

7. Establecer mecanismos de supervisión e control das representantes políticas, e dar un paso firme cara unha democracia participativa, onde as decisións estratéxicas sexan referendadas ou tomadas pola veciñanza, e que esta dispoña de órganos de representación individual e colectiva con poder vinculante para o goberno municipal.

8. Construír, tamén desde o Concello, modelos de desenvolvemento sostible en termos sociais e ambientais.

9. O patrimonio cultural, artístico e lingüístico forman parte do ben común e a institución municipal debe velar pola súa conservación e posta en valor, impulsando políticas potenciadoras da cultura.

10. Un Concello que marque o futuro tanto da Vila como das parroquias en igualdade de oportunidades. Derrubar os muros que separan o núcleo urbano dos núcleos que compoñen o municipio dende A Redonda ata San Xoán.

#### ARTIGO 4. PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

Iniciativa Cidadá de Mugardos adopta como principios organizativos a democracia participativa, o igualitarismo, a procura de consenso e a integración – con respecto ás minorías– da liberdade, a cooperación e a fraternidade.

Neste senso, recorrerá á fórmula de referendos para as decisións estratéxicas, que serán decididas pola Asemblea Xeral, e elixirá as persoas candidatas a concorrer ás eleccións mediante primarias abertas.

Elaborarase un regulamento para cada proceso

## Regulamento de Organización Interna

de referendo ou primarias, que terá que ser aprobado nunha Asemblea Xeral a proposta da Coordinadora Xeral.

### ARTIGO 5. ACTUACIÓN EN REDE E ALIANZAS SOCIAIS

Iniciativa Cidadá de Mugardos é unha organización plural, aberta, instrumental ao servizo da sociedade, e que asume o principio de actuación en rede en relación con outras organizacións políticas ou movementos sociais –de calquera ámbito xeográfico ou material– e que ten como valores medulares da súa actuación a reivindicación do activismo e a ética.

1. Iniciativa Cidadá de Mugardos considera necesario impulsar alianzas sociais amplas para enfrontar as políticas do neoliberalismo. Ademais, aposta por alianzas sociais e acordos de gobernabilidade con outras forzas sobre a base de políticas que tendan a unha maior xustiza social e máis democracia, que defendan as bases do estado de benestar e avoguen pola defensa das liberdades individuais e colectivas.

2. Para establecer alianzas electorais con outras forzas será competente a Asemblea Xeral. En calquera caso, as alianzas electorais nunca poderán entrar en contradición coas políticas de alianza definidas polo conxunto da organización en cada momento.

## Capítulo II. Dos membros, dos seus dereitos e obrigas.

### ARTIGO 6. AFILIACIÓN E COLABORACIÓN

A calidade de membro da Iniciativa Cidadá de Mugardos, adquirese pola afiliación ou pola colaboración.

Poderán ser membros da Iniciativa Cidadá de Mugardos as persoas físicas unha vez cumpridos os 16 anos, que non teñan limitada nin restrinxida a súa capacidade de obrar.

### ARTIGO 7. ADMISIÓN

É condición indispensable para ser membro da Iniciativa Cidadá de Mugardos a aceptación do Manifesto, Código Ético e o presente Regulamento de Organización, e non ser membro doutras organizacións

políticas que se presenten con candidaturas alternativas nas mesmas eleccións municipais.

### POR AFILIACIÓN

A persoa que desexe afiliarse presentará a solicitude co aval de dúas membros no modelo establecido ante a Coordinadora Xeral, que deberá incluíla na orde do día da seguinte Asemblea Xeral para súa aprobación por maioría simple das membros asistentes.

As persoas asinantes do Manifesto da Iniciativa Cidadá de Mugardos no proceso de Primarias e as membros da candidatura que soliciten a súa afiliación ante a Coordinadora Xeral, terán que ser avaladas por dúas membros, sen ser necesaria a súa aprobación pola Asemblea Xeral.

### POR COLABORACIÓN

Como alternativa á afiliación e entendendo que esta figura pode non satisfacer a todo o mundo, co ánimo de ofrecer á xente un espazo de participación no desenvolvemento do programa político da ICM e na consecución dos obxectivos definidos no noso Manifesto, pódese solicitar libremente a inclusión nun ou varios dos grupos de traballo sectoriais. A asistencia ás reunións de traballo destes grupos e a participación activa neles é a que determinará polas responsables do respectivo grupo e da Coordinadora Xeral a calidade de membro da Iniciativa Cidadá de Mugardos. As responsables dos grupos de traballo sectoriais levarán un rexistro das persoas colaboradoras, con altas e baixas, que facilitarán á Coordinadora Xeral para o seu coñecemento.

Existirá na Iniciativa Cidadá de Mugardos un rexistro de Afiliadas e Colaboradoras onde constarán os datos de altas e baixas definitivas.

### ARTIGO 8. DEREITOS

Alén dos recollidos ao longo do articulado deste Regulamento de Organización, así como no resto da lexislación vixente, as persoas con calidade de membros terán os dereitos seguintes:

1. Participar na elaboración da liña política, directrices e propostas da ICM, intervindo libremente sobre os problemas que se expoñan na asemblea ou organismo correspondente e practicando a crítica e autocrítica con responsabilidade.

## Regulamento de Organización Interna

2. Ser electoras e elixibles para os cargos da organización.
3. Ser informadas acerca da composición dos órganos directivos e de administración ou sobre as decisións adoptadas polos órganos directivos, sobre as actividades realizadas e sobre a situación económica.
4. Recibir axuda da organización en caso de problemas derivados da súa afiliación.
5. Impugnar os acordos dos órganos da Iniciativa Cidadá de Mugardos que estimen contrarios á Lei, ao Regulamento de Organización ou ao Código Ético.

### ARTIGO 9. OBRIGAS

Todas as persoas con calidade de membros cumprirán as obrigas que resulten das disposicións regulamentarias e, en todo caso, as seguintes:

1. Acatar o Código Ético e o Regulamento de Organización da Iniciativa Cidadá de Mugardos.
2. Manter unha práctica consecuente coa defensa e promoción dos principios políticos nos que se basea esta organización.
3. Ter un comportamento ético nas relacións coas compañeiras e a organización e na actividade política que se desenvolva.
4. Respetar as decisións válida e lexitimamente adoptadas por calquera instancia da organización.
5. Respetar o imposto no Regulamento de Organización e nas leis.
6. Contribuír ao sostemento económico da organización, segundo o que se dispoña nos acordos que ao respecto se adopten.

### ARTIGO 10. INFRACCIÓN

As medidas sancionadoras que impliquen privación de dereitos das persoas adheridas só poden imporse mediante procedementos comparados, nos que se garantan o dereito das afectadas a ser informadas dos feitos que dean lugar a tales medidas, o feito de ser oídas con carácter previo á adopción das mesmas, e o dereito a que o acordo que se adopte sexa motivado e o dereito a formular recurso interno.

1. A persoa adherida que incumprira os seus deberes para coa organización ou que a súa conduta menoscabe ou atente contra os principios da organización será obxecto do correspondente expediente disciplinario no que se lle dará audiencia.
2. A Coordinadora Xeral, tras pedir as aclaracións pertinentes e escoitar en audiencia ás persoas afectadas, elaborará un ditame e/ou propondrá unha proposta de mediación e resolución.
3. A proposta de sanción será comunicada pola Coordinadora Xeral á persoa afectada, que disporá dun mes para resolver recurso e facer alegados perante a propia Coordinadora Xeral, que deberá resolver na primeira xuntanza que celebre. Contra o acordo da Coordinadora Xeral cabe recurso no prazo de outro mes perante a Asemblea Xeral, que deberá resolver este recurso no prazo de 10 días. O acordo da Asemblea Xeral non ten apelación posible.

### ARTIGO 11. TIPOS DE INFRACCIÓN

As infraccións serán cualificadas de leves, graves ou moi graves.

#### INFRACCIÓN LEVES

1. A falta de respecto e desconsideración con outras persoas no exercicio da actividade política.
2. O incumprimento dos deberes que establecen o regulamento e o Código Ético.
3. As condutas descritas como infraccións graves ou moi graves, cando a súa transcendencia non sexa suficiente para consideralas como tales.

#### INFRACCIÓN GRAVES

1. A ofensa persoal grave ou a agresión a outras persoas.
2. A obstrución na aplicación das decisións lexitimamente adoptadas pola Iniciativa Cidadá de Mugardos.
3. A reiteración na comisión de infraccións leves.

#### INFRACCIÓN MOI GRAVES

## Regulamento de Organización Interna

1. A reiteración na comisión de infraccións graves.
2. A comisión de delitos.

### ARTIGO 12. TIPOS DE SANCIÓN

As sancións que poderán impoñerse segundo a cualificación das faltas ou infraccións cometidas serán:

1. Para as leves: amoestación ou multa.
2. Para as graves: suspensión da calidade de membro, multa e/ou amoestación.
3. Para as moi graves: expulsión.

A gradación da sanción será sempre motivada e respectará os principios de proporcionalidade, terá en conta o dano causado ao ben común e á imaxe da ICM, o beneficio obtido e a intencionalidade da persoa infractora.

### ARTIGO 13. BAIXA

Calquera membro poderá cesar e polo tanto perder a súa calidade como tal, libremente mediante comunicación por escrito, expresada en calquera formato (papel ou telemático).

As persoas colaboradoras poderán perder a súa calidade de membro no momento en que a responsable do grupo ou grupos de traballo nos que se houbese inscrito, acredite ante a Coordinadora Xeral o cese da súa actividade e participación no mesmo.

Perderá a calidade de membro automaticamente calquera persoa afiliada a outro partido ou organización que concorra ás eleccións municipais en competencia coa Iniciativa Cidadá de Mugardos.

## Capítulo III. Órganos de representación, goberno e administración.

### ARTIGO 14. ÓRGANOS DA INICIATIVA CIDADÁ DE MUGARDOS

Os órganos colexiados son de carácter deliberativo, onde os acordos adóptanse por maioría

simple agás os da Coordinadora Xeral que serán por maioría cualificada de dous terzos, procurando a integración de posturas e sempre previo debate.

Son órganos da Iniciativa Cidadá de Mugardos os seguintes:

1. A Asemblea Xeral
2. A Coordinadora Xeral
3. As Comisións de traballo sectorial
4. A Comisión Ética e de Dereitos

### ARTIGO 15. A ASEMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral está constituída polo conxunto das persoas afiliadas e das colaboradoras, que actuarán directamente, e nunca de forma delegada.

De forma ordinaria as Asembleas da Iniciativa Cidadá de Mugardos salvo observación en contrario por parte da Coordinadora Xeral ou por tratarse de asuntos recollidos neste regulamento como competencia exclusiva das súas membros, serán abertas a simpatizantes, con dereito a voz e voto, sempre que amosen en todo momento unha actitude propositiva e non impidan o normal desenvolvemento da mesma.

Para dar o máximo cumprimento ó apartado **1.9** do noso **Código Ético**, de forma extraordinaria e sempre que a natureza do asunto así o aconselle celebrárase Asemblea Aberta a toda a veciñanza que desexe informarse e participar na mesma.

#### Código Ético.

**1.9.** *Garantir a participación da cidadanía na toma de decisións relevantes e no posicionamento político da candidatura sobre temas estratéxicos e proxectos de impacto social, ambiental ou urbanístico na vila, parroquias ou barrios, tendo en conta os principios de subsidiariedade e solidariedade. Todas as persoas que ocupen cargos electos e de designación comprométense a impulsar e apoiar todas as iniciativas cidadás propostas a través do marco legal vixente ou no marco da candidatura (a escala de barrio, parroquia ou vila).*

## Regulamento de Organización Interna

### DA SÚA CONVOCATORIA

1. Corresponde á Coordinadora Xeral conforme coas directrices recibidas na anterior Asemblea Xeral, ou ben sempre que aquela o considere oportuno. Igualmente, a iniciativa de 10 persoas, que dirixirán escrito á Coordinadora, expresando a súa vontade e contido da orde do día. Así solicitada, a Coordinadora quedará obrigada a convocala de forma ordinaria.

2. A data de celebración fixarase con antelación suficiente, e nunca con menos de 48 horas, agás que a natureza do asunto esixa un prazo menor. Na convocatoria expresaranse os puntos da orde do día a tratar e, sempre que fose posible, acompañarase de documentación suficiente para que a Asemblea dispoña de información previa para o debate correspondente. A inclusión de puntos concretos na orde do día requirirá a iniciativa dun mínimo de 5 persoas, e a Coordinadora quedará vinculada por esta petición.

3. Constituirase coa metade das persoas adheridas en primeira convocatoria, ou coas presentes en segunda convocatoria.

4. A Coordinadora Xeral aprobará un regulamento para cada Asemblea Xeral, susceptible de ser emendado ata o mesmo día da celebración. Corresponde á Coordinadora Xeral dirixir os debates da Asemblea, estando presidida pola coordinadora, e na súa ausencia pola vicecoordinadora.

### DA PARTICIPACIÓN

1. As decisións da Asemblea Xeral adoptaranse, como regra xeral, por maioría simple (máis votos a favor que en contra) das persoas presentes con dereito a voto.

2. Se existisen varias propostas diferentes entre si poderase acordar un sistema de dobre volta para escoller entre as dúas con máis aceptación.

3. Serán competencia exclusiva dos **membros** da Iniciativa Cidadá de Mugardos e requirirán as maiorías indicadas os seguintes asuntos:

**Maioría absoluta** (voto favorable de máis da metade de membros presentes):

a) A aprobación de documentos programáticos éticos, políticos ou organizativos.

b) A resolución dos recursos interpostos polas persoas interesadas en expedientes sancionadores.

c) A delegación de competencias.

d) A aprobación de orzamento e contas anuais.

e) As demais que indique o Regulamento de Organización.

**Maioría de dous terzos** (de membros presentes):

f) A reforma do Regulamento de Organización.

g) Revogar xustificadamente a Coordinadora Xeral.

h) A decisión de extinción da Iniciativa Cidadá de Mugardos.

### **ARTIGO 16. A COORDINADORA XERAL**

A Coordinadora Xeral é o órgano de dirección executiva, representación externa e xestión ordinaria dos asuntos da Iniciativa Cidadá de Mugardos.

### DA COMPOSICIÓN

A Coordinadora Xeral estará composta por un mínimo de sete e un máximo de once membros que ostentarán os cargos de coordinadora xeral, vicecoordinadora, secretaria, tesoureira e vogais. Unha delas será a portavoz da Iniciativa Cidadá de Mugardos na Corporación Municipal e as restantes deberán ser elixidas pola Asemblea Xeral mediante votación, previa postulación voluntaria entre as súas membros.

Os cargos de coordinadora xeral e vicecoordinadora respectarán a paridade de xénero.

### DAS COMPETENCIAS E ATRIBUCIÓNS

1. Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral.

2. Ostentar a dirección da Iniciativa Cidadá de Mugardos entre asembleas, conforme o mandato recibido delas.

3. Exercer de órgano consultivo entre asembleas a petición do Grupo Municipal da ICM.

4. Xestionar as peticións das membros que deban substanciarse na seguinte asemblea.

## Regulamento de Organización Interna

5. Confeccionar e convocar a orde do día da Asemblea Xeral a iniciativa propia, conforme coas directrices da anterior asemblea, ou por mandato das membros.
6. En xeral, as funcións de xestión ordinaria da Iniciativa Cidadá de Mugardos.
7. Propiciar, con criterios de apertura e de participación da sociedade civil, os encontros de movementos sociais, apostando pola permanencia, dinamismo e regularidade dos mesmos.

### DO PROCEDEMENTO DE ELECCIÓN

1. As membros da Coordinadora Xeral elixíranse mediante un procedemento de primarias con listas abertas, podéndose presentar as candidatas a vogal ou coordinadora.
2. Procurarase o equilibrio de xénero, cunha relación non inferior de 2 a 3.
3. Abrirase un prazo de presentación de candidaturas individuais ata dous días antes da Asemblea Xeral.
4. O proceso de primarias decidirase en dúas votacións:
5. Na primeira elixírase o posto de coordinadora, aparecendo na papeleta todas as candidatas a coordinadora e podendo marcar tan so unha elección.
6. Na segunda elixíranse as vogais, aparecendo na papeleta todas as candidatas a vogais (excepto a coordinadora xa elixida).
7. Cada votante deberá marcar de cinco a nove persoas candidatas, sen que a orde supoña ponderación de voto.
8. Non se considerarán válidas as papeletas que non respecten o número establecido.
9. A mesa electoral formarase con persoas que non presenten candidatura a membros da Coordinadora Xeral.
10. Recontados os votos, daranse por elixidas as cinco persoas candidatas con maior número de votos e ata un máximo de nove, aplicando a corrección de xénero de ser preciso. En caso de empate resolverase a favor da persoa de menor idade.
11. Do resultado das primarias saíran o cargo de

coordinadora xeral. Sendo o resto de cargos elixidos pola propia Coordinadora.

A Coordinadora Xeral elixida terá un período de mandato de 2 anos dende a asemblea en que resulten nomeados as súas membros.

Durante o período de mandato de 2 anos e sempre que o número máximo de membros da Coordinadora non estea cuberto, aceptaranse solicitudes de membros á mesma, que previa aceptación por unanimidade deste órgano, deberán ser aprobadas pola Asemblea Xeral á proposta da Coordinadora Xeral.

### **ARTIGO 17. AS COMISIÓNS DE TRABALLO SECTORIAL**

A Asemblea Xeral poderá crear comisións de traballo sectorial, que terán por finalidade o estudo e a elaboración de propostas sobre temas encomendados pola Asemblea.

1. As comisións de traballo sectorial terán carácter aberto e participativo e estarán formadas por todas as persoas que desexen integrarse coa finalidade de achegar o seu traballo persoal na creación de discurso e reflexión sobre os temas a tratar.
2. As comisións de traballo sectorial autoorganizaranse segundo a súa composición e circunstancias, elixirán á persoa ou persoas encargadas de coordinar e trasladar os resultados e conclusións da súa actividade á Coordinadora e a Asemblea Xeral.
3. A Asemblea Xeral potenciará, por medio das comisións de traballo sectorial, a participación social de todos os segmentos sociais e profesionais do Concello de Mugardos, procurando a interacción continua da Iniciativa Cidadá de Mugardos cos movementos sociais e a permeabilidade das súas inxerencias co obxecto de fornecer á organización do coñecemento real da situación do municipio para facer realidade os principios declarados no Manifesto e no presente Regulamento de Organización Interna, e facer propostas de acción política directamente afincadas na vida cotiá das xentes.
4. As conclusións das comisións de traballo sectorial trasladaranse á Asemblea Xeral para o seu posterior debate e, no seu caso, aprobación como documentos de acción política ou organizativa.
5. As comisións de traballo sectorial teñen función

## Regulamento de Organización Interna

formativa, de investigación sociolóxica, económica, social e cultural e deliberativa. En ningún caso poderán adoptar acordos que por si sós vinculen a Iniciativa Cidadá de Mugardos sen seren aprobados pola Asemblea Xeral.

### ARTIGO 18. A COMISIÓN ÉTICA E DE DEREITOS

A Comisión Ética e de Dereitos é un órgano independente da Coordinadora Xeral, encargado de resolver situacións de conflito entre persoas adheridas á Iniciativa Cidadá de Mugardos.

#### COMPOSICIÓN

1. A Comisión Ética e de Dereitos está composta por tres persoas designadas por maioría en Asemblea Xeral, máis unha por cada unha das partes en conflito, sempre en idéntico número.
2. A elección das tres persoas efectuarase mediante lista aberta, recaendo naquela con máis votos a favor a portavocía da Comisión.
3. A Comisión Ética e de Dereitos constituirase a petición dunha ou varias das persoas membros a partires do momento en que se rexistre unha reclamación por incumprimento do Código Ético ou o presente Regulamento Interno. Para o inicio de procesos de revogación dos cargos de ICM este debe ser solicitado por dous terzos das membros ou ben pola Coordinadora Xeral.
4. A Comisión Ética e de Dereitos elixida en Asemblea Xeral disolverase unha vez resoltas as reclamacións que causaron a súa constitución.

#### COMPETENCIAS E ATRIBUCIÓN

1. Velar pola aplicación do Código Ético e o Regulamento Interno a tódolos niveis da organización.
2. Analizar e deliberar sobre conflitos relacionados co cumprimento do Código Ético e o Regulamento Interno.
3. Deliberar sobre os recursos nos termos dos artigos 10, 11 e 12.
4. As decisións da Comisión de Ética e Dereitos deben estar fundamentadas e debidamente razoadas en base a aplicación dos estatutos, Código Ético, regulamentos, decisións das asembleas ou no establecido no dereito

nacional e internacional.

## Capítulo IV. Réxime económico e patrimonial.

### ARTIGO 19. RECURSOS ECONÓMICOS

#### PROCEDENTES DO FINANCIAMENTO PRIVADO

1. As cotas e achegas das persoas membros e simpatizantes.
2. Os produtos das actividades propias da organización política, os rendementos procedentes da xestión do propio patrimonio, os beneficios procedentes das súas actividades promocionais e os que podan obterse dos servizos que podan prestar en relación coas súas fins específicas.
3. As doazóns en diñeiro ou especie, que perciban nos termos e condicións previstos na Lei 8/2007.

#### PROCEDENTES DO FINANCIAMENTO PÚBLICO

1. Aqueles que a Lei contemple como axuda ao desenvolvemento das accións de representación política da cidadanía nas organizacións legalmente constituídas.

### ARTIGO 20. PATRIMONIO

Iniciativa Cidadá de Mugardos carece de patrimonio fundacional.

### ARTIGO 21. PROCEDEMENTO DE RENDICIÓN DE CONTAS. ADMINISTRACIÓN, FISCALIZACIÓN E CONTROL

A administración, fiscalización e control do seu réxime económico e patrimonial realizarase con arranxo ás seguintes normas.

1. A Coordinadora Xeral elaborará un proxecto de orzamentos para o exercicio económico, que terá carácter anual, para a súa presentación á Asemblea Xeral.
2. Ao final do exercicio a Coordinadora Xeral elaborará unha memoria das contas anuais da Iniciativa Cidadá de Mugardos que someterá á Asemblea Xeral, quen

## Regulamento de Organización Interna

deberá, no seu caso, aprobalas por maioría absoluta.

3. En calquera momento mediante os procedementos ordinarios de convocatoria de Asemblea Xeral poderase solicitar, como punto da orde do día, a rendición de contas de forma extraordinaria, así como a esixencia de responsabilidades a que houber lugar, se o precisase a maioría absoluta da Asemblea.

## Capítulo V. Disolución.

### ARTIGO 22. DISOLUCIÓN

A disolución da Iniciativa Cidadá de Mugardos só lle compete á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto. A disolución, que deberá estar claramente motivada, efectuarase se o aproban dous terzos (2/3) das persoas membros asistentes á Asemblea.

1. Conforme o decidido nela, a Coordinadora Xeral adoptará as medidas precisas para levar a efecto a disolución.

#### Liquidación de contas

2. Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociadas liquidadoras que, xunto ca coordinadora xeral e a tesoureira, procederán a efectuar a liquidación dos bens, o pagamento de débedas, o cobro de créditos e a fixación do haber líquido resultante.

#### Transferencia de fondos

3. Os fondos que constitúan o haber líquido resultante seranlles transferidos a outras entidades que persigan similares ou idénticos fins ou, no seu defecto, a institucións ou centros de ensino de carácter público, logo de obter a necesaria autorización legal. O xustificante da doazón será presentado no rexistro de asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da organización.

## Anexo I. Carta financeira.

Co obxecto de administrar e ofrecer garantías sobre os recursos económicos, os cargos que perciban ingresos pola representación política da ICM, e as persoas afiliadas e colaboradoras, deberán na medida

das súas posibilidades contribuír ó sostemento financeiro da mesma. Establecéndose por acordo da Asemblea Xeral a proposta da Coordinadora Xeral en función da situación económica da Agrupación o seguinte:

1. Unha cota ordinaria mínima que non supoña un obstáculo á afiliación, quedando á vontade da afiliada o pago superior que estime pertinente e á vontade da colaboradora a doazón que poida ou desexe facer de forma periódica ou esporádica.

2. A achega que as persoas con cargos deban facer sobre os ingresos percibidos mensualmente pola súa actividade como representantes políticos da Iniciativa Cidadá de Mugardos.

Para exercer os dereitos como persoa afiliada á Iniciativa Cidadá de Mugardos deberase estar ao corrente do pagamento. O incumprimento das cotas dará lugar á suspensión dos dereitos e, no caso de manterse a falta de pagamento durante un ano, producirá a baixa como afiliada.

Iniciativa Cidadá de Mugardos funcionará con criterios de transparencia económica e rendemento de contas, que serán públicas.

## Anexo II. Banco de tempo.

As persoas afiliadas poderán dividir a súa achega entre achega económica e achega en especie (tempo, materiais, locais, etc.)

Establecerase esta achega en especie seguindo os modelos de banco de tempo. Tomando como base para o calculo o salario mínimo interprofesional de 21,84€/día para o ano 2016, sería esta a equivalencia económica para oito horas de traballo.

Non todas as actividades poderán incluírse no banco de tempo. Estarán exentas a asistencia a actos e manifestacións públicas.

*Este texto foi aprobado en Mugardos na Asemblea Xeral do 4 de Novembro de 2.016.*